

**ANUNCIO CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA
PRAZA DE PROFESOR DE GUITARRA, CONVOCATORIA
ESTABILIZACIÓN**

O Alcalde, o día 15-01-2025, ditou a resolución con número 32/2025 que deseguido se transcribe :

“RESOLUCIÓN

**ASUNTO: CHAMAMENTO A TRAVÉS DA BOLSA DE EMPREGO DA
PRAZA DE PROFESOR DE GUITARRA DA CONVOCATORIA DE
ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN A
FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN CON DNI ***3083****

EXPEDIENTE:2022/E001/000012

ANTECEDENTES:

Logo de ver as Bases xerais e específicas da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polos sistemas de concurso e de concurso-oposición establecidos na disposición adicional sexta e no artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicadas no BOP núm. 246 do 29/12/2022 e anuncio no BOE núm. 43 do 20/02/2023 polo que se abre o prazo de presentación de instancias.

Logo de ver o resultado final da acta de valoración de méritos de data 18/07/2024 do tribunal de 1 praza de guitarra da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público en execución da OEP para a estabilización de emprego temporal aprobada pola XGL en data 26/05/2022, logo da estimación do recurso de alzada presentado por Francisco Javier García Galán, publicada na sede electrónica do Concello de Melide:

“(…) *RESULTADO FINAL por orde decrecente da puntuación obtida:*

NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	MÉRITOS ACADÉMICOS	TOTAL
MIGUEL CARBAJO MARTÍNEZ	20,1	8,96	29,78
MIGUEL E. SANTALICES BLANCO	8,82	9,20	18,02
FRANCISCO J. GARCÍA GALÁN	8,82	9,20	18,02
FRANCISCO J. PARREÑO AGULLO	4,80	9	13,80
JOSÉ Mª CORREDOIRA DE CORA	0	9,4	9,40

Logo de ver que se produce un empate na puntuación total final entre os aspirantes MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO e FRANCISCO J. GARCÍA GALÁN e logo de ver a base 9.1 das Bases da

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

convocatoria:

“No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta os seguintes criterios na seguinte orde e sucesivamente:

- 1º Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.
- 2º Estar ocupando unha praza da mesma categoría que a convocada na administración convocante.
- 3º Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.
- 4º Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.
- 5º.- O/a aspirante de maior idade”.

Logo de ver que o primeiro dos criterios de desempate aplicable resulta ser o 4º (antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas):

MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO, antigüidade total acumulada 952 días:

- Antigüidade Universidade de Vigo: 365 días
- Antigüidade Concello de A Pontenova: 587 días
- Antigüidade Concello de Monterroso: 201 días

FRANCISCO J. GARCÍA GALÁN, , antigüidade total acumulada 709 días:

- Antigüidade Concello de Melide: 100 días
- Antigüidade Escola de Música de Santiago de Compostela: 609

Polo tanto propónse para a provisión de 1 PRAZA DE PROFESOR DE GUITARRA da convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración polo sistema de concurso para a redución da temporalidade no emprego público a **MIGUEL CARBAJO MARTÍNEZ** con DNI ***2371**

Quedando na bolsa de emprego segundo a orde de puntuación:

- 1º MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO con DNI ***2714**
- 2º FRANCISCO JAVIER GARCÍA GALÁN con DNI ***3083**
- 3º FRANCISCO J. PARREÑO AGULLO con DNI ***8301**
- 4º JOSÉ M^a CORREDOIRA DE CORA con DNI ***8302 (...)

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 522/2024, do 1 de agosto de 2024 e asunto “Acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración dos aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música dos documentos xustificativos (expediente: 2024/G003/000552)” (BOP núm. 151 do 7.8.2024).

Logo de ver a documentación achegada por Miguel Carbajo Martínez, con rexistro de entrada núm. 20240000003390 de data 30/08/2024, conforme consta no certificado do Rexistro Xeral de Entradas e Saídas do Concello de Melide (A Coruña) de data 24/09/2024.

Logo de ver o informe de técnica de Administración Xeral de data 27/09/2024, polo que se informa favorablemente, entre outra, a documentación achegada por Miguel Carbajo Martínez en data 30/08/2024 con rexistro de entrada núm. 20240000003390.

Logo de ver o informe do Director do Conservatorio de Música Profesional de Melide do 02/10/2024 relativo ao horario lectivo por especialidades para o curso 2024-2025.

Logo de ver o Decreto de Alcaldía núm. 647/2024 de data 07/10/2024 e asunto “Decreto de autorización á contratación dos/as aspirantes ás prazas de profesores/as e axudante de profesor/a do conservatorio de música, convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración”, no que se acorda:

“PRIMEIRO: Autorizar as contratacións dos/as aspirantes seleccionados/as.

SEGUNDO: Notificar a presente resolución aos/ás condados/as seleccionados/as, comunicándolles que no prazo máximo de 10 días a contar desde a súa notificación haberán de asinar, para a súa incorporación inmediata, os contratos de traballo con carácter laboral fixo discontinuo, polas horas que se indican a continuación de conformidade co informe do Director do Conservatorio de música de data 02/10/2024, sen prexuízo de que, de conformidade coa RPT aprobada e publicada no BOP nº 165 de data 31/08/2022 poderán ser incrementadas dependendo do número de matrícula

(...)

- MIGUEL CARBAJO MARTÍNEZ con DNI ***2371**, profesor de guitarra: 12 horas á semana.

(...)

SEGUNDO: Aprobar a seguinte bolsa de emprego por especialidades:

(...)

- Profesor/a de guitarra: 1º Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI ***2714**

2º Francisco Javier García Galán con DNI ***3083**

3º Francisco J. Parreño Agullo con DNI ***8301**

4º José Mª Corredoira de Cora con DNI ***8302**

(...)

TERCEIRO: Dar traslado deste acordo aos servizos municipais correspondentes para que se proceda á formalización dos contratos.

CUARTO: Notificar este acordo aos/as interesados/as.”.

Logo de ver a notificación do Decreto de Alcaldía núm. 647/2024 de data 07/10/2024 a Miguel Carbajo Martínez en data 09/10/2024 (Notifica.gal).

Logo de ver a instancia presentada por Miguel Carbajo Martínez en data 23/10/2024 co núm. de rexistro 202499900001613, na que expón: “Habiendo sido nombrado profesor de guitarra del Conservatorio Profesional de Música del ayuntamiento de Melide, por medio de la convocatoria excepcional de estabilización de empleo temporal de larga duración. Y debido a que está trabajando como funcionario interino en el Conservatorio Superior de Vigo, como Catedrático de Música y Artes Escénicas en la especialidad de guitarra. Siendo ambos puestos incompatibles”, **solicita: “Que se le conceda una excedencia para trabajar en la administración por un tiempo indefinido y con derecho a reserva de plaza”** .

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 712/2024 de data 31/10/2024 e asunto: “Providencia en relación a solicitude por parte de Miguel Carbajo Martínez de excedencia para traballar na administración por tempo indefinido e con dereito a reserva de praza”.

Logo de ver o informe da técnica de Administración Xeral de data 13/11/2024 e asunto: “Solicitude por parte de Miguel Carbajo Martínez de excedencia para traballar na administración por tempo indefinido e con dereito a reserva de praza”, no que se di o seguinte: “(...) Por Decreto Alcaldía núm. 647/2024 de data 07/10/2024 autorizouse a contratación de, entre outros, Miguel Carbajo Martínez, como aspirante seleccionado para ocupar a praza de profesor de guitarra. Conforme se acorda no decreto, os aspirantes seleccionados haberían de asinar, para a súa incorporación inmediata, o correspondente contrato de traballo.

No último día do prazo conferido, concretamente en data 23/10/2024, Miguel Carbajo limitouse a presentar instancia solicitando “Que se le conceda una excedencia para trabajar en la administración por un tiempo indefinido y con derecho a reserva de plaza” invocando ao efecto “que está trabajando como funcionario interino en el Conservatorio Superior de Vigo, como Catedrático de Música y Artes Escénicas en la especialidad de guitarra” “Siendo ambos puestos incompatibles”, extremo este orfo de toda proba posto que non se acompaña documentación ningunha que o acredite.

Como quedou exposto, a incompatibilidade en ningún caso da lugar a excedencia indefinida nin tampouco a reserva de posto de traballo como solicita o interesado (“Que se le conceda una excedencia para trabajar en la administración por un tiempo indefinido y con derecho a reserva de plaza”).

En todo caso, e deixando á marxe a falta de acreditación da concorrencia de incompatibilidade (posto que non se aporta documentación ningunha relativa ao posto que di ocupar no Conservatorio de Vigo), resulta ademais que o interesado non adquiriu a condición de persoal do Concello de Melide, en tanto non formalizou con este o contrato de traballo dentro do prazo conferido ao efecto, logo non ha lugar a que se lle conceda excedencia ningunha neste Concello.

III.- CONCLUSIONES

De conformidade co exposto procede desestimar a solicitude formulada polo interesado e, consecuentemente, proceder á contratación da seguinte persoa proposta polo Tribunal para ocupar a praza de profesor de guitarra.”.

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 743/2024 de data 15/11/2024 e asunto: *“Resolución da solicitude por parte de Miguel Carbajo Martínez de excedencia para traballar na administración por tempo indefinido e con dereito a reserva de praza”, notificada ao interesado o día 18/11/2024 con rexistro de saída 20240000003497 e aceptada polo mesmo o propio día 18/11/2024, no que se resolve o seguinte:*

“PRIMEIRO: Con base ao informe da técnico de Administración Xeral de data 13/11/2024 e asunto: “Solicitude por parte de Miguel Carbajo Martínez de excedencia para traballar na administración por tempo indefinido e con dereito a reserva de praza”, desestimar a solicitude de excedencia formulada por parte de Miguel Carbajo Martínez.

SEGUNDO: Requiritr ao/á seguinte aspirante proposto/a polo Tribunal para o ocupar a praza para que acredite os requisitos esixidos, na forma e termos establecidos na base décima das Bases Xerais. ”.

Logo de ver o Decreto da Alcaldía nº 766/2024 de data 20/11/2024 e asunto: *“Chamamento a través da bolsa de emprego da praza de profesor de guitarra da convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración a Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI ***2714**”, no que se acordaba: “Proceder ao chamamento para a praza de PROFESOR DE GUITARRA a MIGUEL EMILIO SANTALICES BLANCO con DNI ***2714** para que no prazo máximo improrrogable de 20 días hábiles dende a notificación do presente acordo acredite ante a administración, orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.”, notificado con data 20/11/2024 rex. de saída nº 202400000003530 e aceptada polo interesado o 28/11/2024.*

Logo de ver o certificado do rexistro de entradas e saídas do Concello de Melide de data 04/12/2024, en relación á resolución con número 766/2024 de data 20 de novembro de 2024, onde consta a documentación achegada por Miguel Santalices Blanco en datas 02-12-2024 (núm. rexistro de entrada. 202400000005136) e 03-12-2024 (núm. rexistro de entrada 202499900001819).

Logo de ver o informe do secretario acctal. de data 05/12/2024 e asunto: *“Informe da validación da documentación presentada para autorización á contratación de Miguel Emilio Santalices Blanco a través da bolsa de emprego de profesor de guitarra, convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración”, no que se “Informa favorablemente a documentación presentada, dentro do prazo concedido, por Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI ***2714** para acceder a través da bolsa de emprego á praza de profesor de guitarra”.*

Logo de ver os informes do Director do Conservatorio de Música Profesional de

Melide de datas 02/10/2024 e 04/12/2024 relativo aos horarios lectivos por especialidades para o curso 2024-2025.

Logo de ver a Resolución da Alcaldía nº 814/2024 de data 05/12/2024 e asunto “Decreto de autorización á contratación de Miguel Emilio Santalices Blanco a través da bolsa de emprego de profesor de guitarra, convocatoria de estabilización de emprego temporal de longa duración”, publicada na sede electrónica en data 05/12/24 e notificada ao interesado en data 10/12/2024 (nº de rexistro de saída 202400000003751), pola que se resolve:

PRIMEIRO: Autorizar a contratación, a través da bolsa de emprego, de Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI ***2714** como profesor de guitarra.

SEGUNDO: Notificar a presente Resolución a Miguel Emilio Santalices Blanco, comunicándolle que no prazo máximo de 10 días a contar desde a súa notificación haberá de asinar, para a súa incorporación inmediata, o contrato de traballo con carácter laboral fixo discontinuo de 12 horas á semana (mércores de 15:30 h a 21:30 h e xoves de 15:30 h a 21:30 h) de conformidade co informe do Director do Conservatorio de música de 02/10/2024 e 04/12/2024, sen prexuízo de que, de conformidade coa RPT aprobada e publicada no BOP nº 165 de data 31/08/2022 poderán ser incrementadas dependendo do número de matrícula

TERCEIRO: Aprobar a seguinte bolsa de emprego de profesor/a de guitarra:

1º Francisco Javier García Galán con DNI ***3083**

2º Francisco J. Parreño Agullo con DNI ***8301**

3º José Mª Corredoira de Cora con DNI ***8302**

CUARTO: Dar traslado deste acordo aos servizos municipais correspondentes para que se proceda á formalización do contrato.

QUINTO: Notificar este acordo ao interesado e publicalo na sede electrónica do Concello de Melide.”

Logo de ver a instancia presentada por Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI nº ***2714** en data 11/12/2024 (núm. rexistro entrada 202499900001852), na que solicita a emisión de informe favorable de compatibilidade para desempeñar o posto de Profesor/a Conservatorio Guitarra para o Concello de Melide.

Logo de ver o informe desfavorable da técnica de Administración Xeral de data 18/12/2024 e asunto: “Solicitud de autorización de compatibilidade presentada por Miguel Emilio Santalices Blanco. Expediente: 2024/X999/000222”.

Logo de ver o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/12/2024 e asunto: “Acordo, se procede, sobre a solicitude de compatibilidade por parte de Miguel Emilio Santalices Blanco”, notificado ao interesado en data 27/12/2024, polo que se acorda: “informar de desfavorablemente a compatibilidade solicitada por Miguel Emilio Santalices Blanco con DNI nº ***2714**”

Logo de ver que con data 26/12/2024 finalizou o prazo máximo de 10 días concedido a Miguel Santalices Blanco para a formalización do contrato sen que así o verificase.

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Dar traslado a intervención a efectos de incorporar o correspondente certificado de consignación orzamentaria.

SEGUNDO: Unha vez incorporado o certificado de consignación orzamentaria, proceder ao chamamento de **Francisco Javier García Galán** con DNI ***3083** para que no prazo máximo improrrogable de 20 días hábiles dende a notificación do presente acordo manfeste o seu interese na praza de PROFESOR DE GUITARRA. Deberá así mesmo acreditar ante a administración, no caso de manifestar o seu interese na praza e dentro do mesmo prazo, con orixinais dos documentos xustificativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo a Francisco Javier García Galán con DNI ***3083**.

CUARTO: Publicar o presente acordo na sede electrónica do Concello de Melide.

Ordeno e asino en Melide, mércores 15 de xaneiro de 2025. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.”

O que se publica para xeral coñecemento

Melide, xoves 16 de xaneiro de 2025. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.